

ACTA NÚMERO: 20/2026

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 28 DE MAIO DE 2026.

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 28 de maio de 2026 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- Dona María Beatriz del Cerro del Río, Vicesecretaria.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- Dona María Belén Pampín Camino, Xefa de Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 21 de maio de 2026 (Reunión 20/2026).
2. Dar conta da oferta presentada pola empresa READSPEAKER WEBSERVICES, S.L. (B65233082) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a contratación da renovación da licenza da aplicación de "Voz na Nube", mediante o sistema de pago por uso. (Expte.- 2026009501).
3. Dar conta das ofertas presentadas por Miguel María Lorenzo del Valle-Inclán Alsina (35249083L) para o Lote 1, María Milagros Redondo Díaz (35.255.171N) para o lote 2 e Javier María del Valle-Inclán Alsina (35282511M) para o lote 3 do procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a adquisición da colección Valle-Inclán para o Museo de Pontevedra. (Expte.- 2025070470).
4. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración, montaxe e instalación de diverso mobiliario para os fogares do Centro Infante Xuvenil Escola Fogar do Centro Príncipe Felipe. (Expte.- 2025052299).
5. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reposición do firme na E.P. 6503 Silleda-Siador-Refoxos, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 7+602. Concello de Silleda". (Expte.- 2025071505).
6. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reposición de firme na E.P. 2602 Peinador-Louredo, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 4+420 (Concello de Mos)". (Expte.- 2025070519).
7. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora de seguridade viaria mediante reposición do firme e a sinalización horizontal na E.P. 3102 Tomiño-Sabarís, dende o P.Q. 10+400 ao P.Q. 19+667. Concellos de Tomiño, Gondomar e Baiona". (Expte.- 2025071504).
8. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6007 Goleta-Cercio-Estrada Rodo-Brántega, dende o P.Q. 2+550 ao P.Q. 2+800. Concello de Lalín". (Expte.- 2026016418).
9. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de teleasistencia domiciliar da Deputación de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes. (Expte.- 2025054733).
10. Apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de teleasistencia domiciliar da Deputación de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes. (Expte.- 2025054733).
11. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación dos servizos de soporte e mantemento das infraestruturas de virtualización xeral (Cisco UCS) e hiperconverxente (Cisco Hyperflex) da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026004324).
12. Apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto convocado para a contratación dos servizos de soporte e mantemento das infraestruturas de virtualización xeral (Cisco UCS) e hiperconverxente (Cisco Hyperflex) da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026004324).



13. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de mantemento e soporte técnico para o equipamento informático asociado ao proxecto "TOURIST INSIDE RÍAS BAIXAS" da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026007856).*
14. *Apertura electrónica dos sobres "C" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de mantemento e soporte técnico para o equipamento informático asociado ao proxecto "TOURIST INSIDE RÍAS BAIXAS" da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026007856).*
15. *Apertura electrónica dos sobres "únicos" do procedemento aberto simplificado convocado para contratación da subministración de equipamento informático para reforzar o sistema de xestión tributaria da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026016967).*
16. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B" do lote nº 1, correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do programa deportivo Entre Pontes Trail & Running da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026001111).*
17. *Apertura electrónica dos sobres "C" do lote nº 1, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto convocado para a contratación do programa deportivo Entre Pontes Trail & Running da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026001111).*

Non asistiron os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE, e Don Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 21 de maio de 2026 (Reunión 20/2026).*

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión, votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 21 de maio de 2026 (Reunión 20/2026).

2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa READSPEAKER WEBSERVICES, S.L. (B65233082) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a contratación da renovación da licenza da aplicación de "Voz na Nube", mediante o sistema de pago por uso. (Expte.- 2026009501).*

Por Resolución Presidencial número 2026003817 de data 14/05/2026, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, da renovación da licenza da aplicación de Voz na Nube, mediante o sistema de pago por uso para os anos 2026-2027.

Na citada resolución procedeuse a invitar á empresa Readspeaker Webservice, S.L. (CIF B65233082), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produce o día 14/05/2026.



A empresa Readspeaker Webservice, S.L. (CIF B65233082) presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	8.964,00 €
IVE (21 %)	1.882,44 €
Importe ofertado con IVE	10.846,44 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Readspeaker Webservice, S.L. (CIF B65233082), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da renovación da licenza da aplicación de Voz na Nube, mediante o sistema de pago por uso para os anos 2026-2027.

3. *Dar conta das ofertas presentadas por Miguel María Lorenzo del Valle-Inclán Alsina (35249083L) para o Lote 1, María Milagros Redondo Díaz (35.255.171N) para o lote 2 e Javier María del Valle-Inclán Alsina (35282511M) para o lote 3 do procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a adquisición da colección Valle-Inclán para o Museo de Pontevedra. (Expte.- 2025070470).*

Por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do día 8 de maio de 2026, aprobouse o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, para a adquisición da colección Valle-Inclán para o Museo de Pontevedra .

No citado acordo procedeuse a invitar con data 14 de maio de 2026 os provedores únicos da colección obxecto de este contrato que son os seguintes:

Lote	Propietario da colección
1	Miguel María Lorenzo del Valle-Inclán Alsina
2	D. Yago Baltasar del Valle-Inclán Redondo e Dona. Lucía Mercedes del Valle-Inclán Redondo. (Actúa en representación Dona María Milagros Redondo Díaz ós efectos de realizar a venda dos bens).
3	D. Javier María del Valle-Inclán Alsina

Os propietarios da colección Valle-Inclán debían presentar as ofertas pertinentes a cada lote, en caso de estar interesados, dando un prazo de 10 días naturais contados dende a data do envío da invitación.

O citados propietarios presentaron a través da sede electrónica da Deputación con número de rexistro WEB2026043486 e WEB2026043605, do 19 de maio de 2026, e o rexistro WEB2026043834 do 20 de maio de 2026 as ofertas correspondentes a cada lote.

As ofertas económicas presentadas foron as seguintes:



Lote	Propietario da colección	Importe ofertado
1	Miguel María Lorenzo del Valle-Inclán Alsina	84.983,00 €
2	D. Yago Baltasar del Valle-Inclán Redondo e Dona. Lucía Mercedes del Valle-Inclán Redondo.	70.084,00 €
3	D. Javier María del Valle-Inclán Alsina	134.633,00 €
TOTAL OFERTADO.....		289.700,00 €

*O custe da adquisición non está suxeito o IVE o ser persoas físicas as vendedoras.

A Mesa de Contratación queda enterada das ofertas presentadas por Miguel María Lorenzo del Valle-Inclán Alsina (35249083L) para o Lote 1, María Milagros Redondo Díaz (35.255.171N) en representación de Yago Baltasar del Valle-Inclán Redondo e Lucía Mercedes del Valle-Inclán Redondo para o lote 2 e Javier María del Valle-Inclán Alsina (35282511M) para o lote 3, do procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a adquisición da colección Valle-Inclán para o Museo de Pontevedra.

4. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración, montaxe e instalación de diverso mobiliario para os fogares do Centro Infanto Xuvenil Escola Fogar do Centro Príncipe Felipe. (Expte.- 2025052299).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial nº 2026000910, de data 05/02/2026, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, da “Subministración, montaxe e instalación de diverso mobiliario para os fogares do Centro Infanto Xuvenil Escola Fogar do Centro Príncipe Felipe”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 05/02/2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto. Mediante Resolución Presidencial nº2026001345, de data 19/02/2026, rectifícanse os pregos e reiniciase o prazo de presentación de ofertas.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na reunión de data 12/03/2026, procedeu á apertura dos sobres “A”, correspondentes coa documentación administrativa (Certificado da mesa co CSV nº OA5D99QKB0FNUYZP), e na mesma sesión, procedeu á apertura dos sobres “B”, correspondentes coas ofertas avaliadas mediante xuízos de valor, dando traslado das mesmas ó servizo de Centro Príncipe Felipe para a súa valoración (Certificado da mesa co CSV nº O67JQ0FGG6AHNN2U)

O servizo de Centro Príncipe Felipe emite o informe de valoración con data 08/04/2026, propoñendo a exclusión do procedemento da empresa GONZÁLEZ HOGAR Y MODA, S.L. (CIF: B36252328), ao incluír información económica da súa oferta na proposta presentada no sobre B.



A Mesa de Contratación, na reunión de data 09/04/2026, presta a súa conformidade a dito informe (Certificado da mesa co CSV nº 6B9OHQSJ7MC3LYMJ), e na mesma sesión, procede coa apertura dos Sobres C, correspondentes coas ofertas avaliábeis mediante fórmulas, das empresas admitidas, facultando ao secretario para que, de resultar algunha oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, (Certificado da mesa co CSV nº IWCHQ6UVHJ96B1OO)

A Mesa de Contratación, na reunión de data 07/05/2026, acordou propoñer ó órgano de contratación a exclusión do procedemento do licitador COMEX ACTIVO, S.L., por superar a súa oferta os prezos unitarios de licitación recollidos no PPT para os elementos nº4, nº13 e nº14, e a adxudicación do contrato de “Subministración, montaxe e instalación de diverso mobiliario para os fogares do Centro Infante Xuvenil Escola Fogar do Centro Príncipe Felipe” a favor do licitador GERALVEZ PROYECTOS CONTRACT, S.L., (Certificado da Mesa de Contratación con CSV: 6DUZHPUFMCHA2QT9)

Con data 12/05/2026, o licitador COMEX ACTIVO, S.L. formula alegacións fronte a proposta da Mesa de Contratación, de data 07/05/2026, de exclusión da súa oferta e de adxudicación do contrato (REX_WEB2026041446, de data 12/05/2026), solicitando a anulación da mesma e a retrotracción das actuacións ata o momento da valoración das ofertas avaliábeis mediante fórmulas.

Con data 14/05/2026, o Xefe do servizo de Contratación emite informe (CSV: HBU38QPEXJLUHWAM) concluíndo que procede deixar sen efecto a exclusión de COMEX ACTIVO, S.L., retrotraer as actuacións ao momento anterior a dita exclusión e valorar novamente o criterio prezo, efectuando a correspondente reclasificación das ofertas admitidas”

A Mesa de Contratación, na reunión de data 14/05/2026, acordou anular a proposta de data 07/05/2026 de exclusión da oferta presentada pola empresa COMEX ACTIVO, S.L., e de adxudicación do contrato a favor do licitador GERALVEZ PROYECTOS CONTRACT, S.L.; e retrotraer as actuacións do procedemento ata o momento da valoración das ofertas avaliábeis mediante fórmulas contidas no Sobre “C” (Certificado da Mesa de Contratación con CSV: N6PG19ZL4F3R6M6Z)

Mediante Resolución Presidencial nº2026004297, de data 26/05/2026, o órgano de contratación acorda retrotraer as actuacións ao momento anterior á exclusión da oferta de COMEX ACTIVO, S.L., para que pola Mesa de Contratación se proceda á valoración do criterio prezo, á reclasificación das ofertas admitidas e á elevación da proposta que proceda ao órgano de contratación.

Feitas novamente as valoracións, e emitido o correspondente informe sobre as puntuacións totais acadadas no procedemento, o licitador COMEX ACTIVO, S.L. (B13878624) alcanza a máxima puntuación.

A Mesa de Contratación acorda:



1) Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas admitidas:

POSICIÓN	LICITADOR	SOBRE B	SOBRE C	TOTAL
1ª	COOMEX ACTIVO, S.L.	28,0 ptos	65,000 ptos	93,000 ptos
2ª	GERALVEZ PROYECTOS CONTRACT, S.L.	22,0 ptos	64,255 ptos	86,255 ptos
3ª	GALERIAS CAMELLO MUEBLES, S.L.	3,5 ptos	34,582 ptos	38,082 ptos
4ª	REDESS DESCANSO, S.L.	22,0 ptos	13,180 ptos	35,180 ptos

2) Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do contrato á empresa COOMEX ACTIVO, S.L. (B13878624), que acada a máxima puntuación, dacordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rixe neste procedemento.

5. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reposición do firme na E.P. 6503 Silleda-Siador-Refoxos, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 7+602. Concello de Silleda". (Expte.- 2025071505).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 30 de abril de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "*Reposición do firme na E.P. 6503 Silleda-Siador-Refoxos, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 7+602. Concello de Silleda*".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 7 de maio de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U.



- FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.
 - MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
 - NAROM, S.L.
2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.
- 6. *Apertura electrónica dos sobres “A” correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Reposición de firme na E.P. 2602 Peinador-Louredo, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 4+420 (Concello de Mos)”. (Expte.-2025070519).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 30 de abril de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “Reposición de firme na E.P. 2602 Peinador-Louredo, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 4+420 (Concello de Mos)”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 7 de maio de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descrición e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:
 - CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
 - MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
 - NAROM, S.L.
2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os



técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

7. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora de seguridade viaria mediante reposición do firme e a sinalización horizontal na E.P. 3102 Tomiño-Sabarís, dende o P.Q. 10+400 ao P.Q. 19+667. Concellos de Tomiño, Gondomar e Baiona". (Expte.- 2025071504).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 30 de abril de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "*Mellora de seguridade viaria mediante reposición do firme e a sinalización horizontal na E.P. 3102 Tomiño-Sabarís, dende o P.Q. 10+400 ao P.Q. 19+667. Concellos de Tomiño, Gondomar e Baiona*".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 7 de maio de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
- MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.

2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.



8. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6007 Goleta-Cercio-Estrada Rodo-Brántega, dende o P.Q. 2+550 ao P.Q. 2+800. Concello de Lalín". (Expte.- 2026016418).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 30 de abril de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6007 Goleta-Cercio-Estrada Rodo-Brántega, dende o P.Q. 2+550 ao P.Q. 2+800. Concello de Lalín*".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 7 de maio de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descrición e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:

- AUDECA S.L.U.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.
- NAROM, S.L.

2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

9. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de teleasistencia domiciliaria da Deputación de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes. (Expte.- 2025054733).



O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo de Xunta de Goberno, adoptado na sesión do día 1 de abril de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do “Servizo de teleasistencia domiciliaria da Deputación de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes”.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 7 de abril de 2026, sendo publicado o día 8 de abril de 2026 (Número de publicación do anuncio 237920-2026; número da edición do DO S: 68/2026); así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 8 de abril de 2026, xunto cos pregos de cláusulas económico-administrativas particulares, concedendo un prazo de 30 días naturais desde o envío á Oficina de publicacións da Unión Europea para a presentación de proposicións, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 7 de maio de 2026, procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondentes a documentación administrativa e, a continuación, á apertura do sobre “B” que contén a documentación técnica.

Unha vez descargada a documentación administrativa, revisouse a mesma, acordando a Mesa de Contratación admitir as seguintes empresas:

1. Ilunion Sociosanitario SA (CIF: A82438995)
2. Quavitae Servicios Asistenciales SAU (CIF: A80106842)

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación descargada dos sobre “B” que presentaron as empresas admitidas ao persoal técnico do Servizo de Benestar Social, para que procederan a avaliar e ponderar as propostas técnicas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Con data 27 de maio de 2026, a xefa do Servizo de Benestar Social emitiu informe de valoración dos criterios avaliados mediante xuízos de valor (CSV: RZR XVX6BG5PDV9T), sendo as puntuacións outorgadas as seguintes:

Criterios de adxudicación	Ilunion Sociosanitario SA (CIF: A82438995)	Quavitae Servicios Asistenciales SAU (CIF: A80106842)
Descrición xeral do servizo, ata un máximo de 10 puntos	6,00	8,00
Forma de organización e prestación do servizo, ata un máximo de 10 puntos.	6,00	7,50
Planificación e comunicación, ata un máximo de 10 puntos.	6,00	8,50
Seguimento e avaliación, ata un máximo de 5 puntos	2,50	4,00
Difusión e promoción, ata un máximo de 5 puntos	4,50	2,50
Medios materiais, ata un máximo de 5 puntos.	3,50	3,50
PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE “B”	28,50	34,00



A Mesa de Contratación, en base ao citado informe, acorda:

1. Prestar conformidade ás puntuacións acadadas polas empresas admitidas na valoración da documentación técnica dos Sobres “B”.
2. Que se proceda á apertura dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos das empresas Ilunion Sociosanitario SA (CIF: A82438995) e Quavitae Servicios Asistenciales SAU (CIF: A80106842) ao acadar ambas unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas, de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

10. Apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de teleasistencia domiciliar da Deputación de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes. (Expte.- 2025054733).

O Secretario da Mesa de Contratación informa aos asistentes da puntuación acadada polas empresas admitidas neste procedemento aberto, e que son as seguintes:

	Puntuación sobre B
Ilunion Sociosanitario SA (CIF: A82438995)	28,50
Quavitae Servicios Asistenciales SAU (CIF: A80106842)	34,00

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descifrado e descarga da documentación presentada nos sobres “C”, correspondentes aos criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

Os valores ofertados polas empresas foron os seguintes:

ILUNION SOCIO SANITARIO SA (CIF: A82438995)

1. Prezo ofertado.

TIPOLOXÍA	PREZO MENSUAL OFERTADO, SEN IVE	IVE	PREZO MENSUAL OFERTADO, CON IVE
-----------	---------------------------------------	-----	---------------------------------------



PERSONA TITULAR DE DISPOSITIVO ANALÓXICO	19,82 €	0,79 €	20,61 €
PERSONA TITULAR DISPOSITIVO GSM	21,38 €	0,86 €	22,24 €
PERSONA TITULAR DISPOSITIVO TAD MÓVIL XEOLOCALIZACIÓN	22,49 €	0,90 €	23,39 €

2. Número de días ofertados de prazo para a instalación do servizo: un.

QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES SAU (CIF: A80106842)

1. Prezo ofertado.

TIPOLOXÍA	PREZO MENSUAL OFERTADO, SEN IVE	IVE	PREZO MENSUAL OFERTADO, CON IVE
PERSONA TITULAR DE DISPOSITIVO ANALÓXICO	21,95 €	0,88 €	22,83 €
PERSONA TITULAR DISPOSITIVO GSM	27,25 €	1,09 €	28,34 €
PERSONA TITULAR DISPOSITIVO TAD MÓVIL XEOLOCALIZACIÓN	29,76 €	1,19 €	30,95 €

2. Número de días ofertados de prazo para a instalación do servizo: 2 días naturais.

A Mesa de Contratación acorda facultar ao Secretario para que, de resultar algunha oferta das empresas que optan á adxudicación dos citados lotes incursa en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

11. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación dos servizos de soporte e mantemento das infraestruturas de virtualización xeral (Cisco UCS) e hiperconverxente (Cisco Hyperflex) da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026004324).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que mediante acordo da Xunta de Goberno nº 10.36892, de data 10 de abril de 2026, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “servizo de soporte e mantemento das infraestruturas de virtualización xeral (CISCO UCS) e hiperconverxente (CISCO HYPERFLEX) da Deputación de Pontevedra”.



O anuncio de licitación deste contrato enviouse para publicar ao Diario Oficial da Unión Europea, con data 16 de abril de 2026, resultando publicado no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 17 de abril de 2026. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 21 de maio de 2026, procedeu á apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa e, a continuación, á apertura dos sobres “B”, correspondentes á proposta avaliable mediante xuízos de valor.

Unha vez descargada e revisada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acordou admitir á única empresa que participa no procedemento:

- SISTEMAS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A. (NIF: A33117995)

Así mesmo acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “B”, presentada polas referidas empresas, ao persoal técnico do servizo de Novas Tecnoloxías ao obxecto de que avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Con data 22 de maio de 2026, a xefa do Servizo de Novas Tecnoloxías emitiu informe de valoración dos criterios avaliables mediante xuízos de valor (CSV: KSG2YYHTTYLNYOY5), sendo as puntuacións outorgadas as seguintes:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR	Máximo	SISTEMAS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A.
Metodoloxía da xestión do servizo	8,000	7,000
Xestión de incidencias	8,000	7,000
Plan de traballo	5.000	4,000
Metodoloxías para a prestación do servizo e plan de calidade	4,000	4,000
TOTAIS	25,000	22,000

A Mesa de Contratación en base ó citado informe acorda:

1. Prestar conformidade as puntuacións obtidas pola empresa, SISTEMAS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A. (NIF: A33117995).
2. Que se proceda á apertura dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos da empresa Sistemas Avanzados de Tecnología, S.A. (NIF: A33117995) ao acadar unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas (12,500 puntos), de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas particulares.



12. Apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto convocado para a contratación dos servizos de soporte e mantemento das infraestruturas de virtualización xeral (Cisco UCS) e hiperconverxente (Cisco Hyperflex) da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026004324).

O Secretario informa os asistentes das puntuacións acadadas nos sobres "B" pola única empresa admitida que participa no procedemento, sendo estas as seguintes:

CRITERIOS DE AVALIABLES DE VALOR	DE ADXUDICACIÓN MEDIANTE XUÍZOS DE	Máximo	SISTEMAS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A.
Metodoloxía da xestión do servizo		8,000	7,000
Xestión de incidencias		8,000	7,000
Plan de traballo		5.000	4,000
Metodoloxías para a prestación do servizo e plan de calidade		4,000	4,000
TOTAIS		25,000	22,000

O Secretario da Mesa de Contratación informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera, en cada procedemento de licitación, un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á desenscriptación e descarga da documentación presentada nos sobres "C" da única empresa participante e admitida no procedemento e que acada unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliables mediante xuízos de valor, sendo os valores ofertados os seguintes:

SISTEMAS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A. (NIF: A33117995)

1.- Prezo total ofertado:

Importe total, sen o IVE	298.000,00 €
IVE (21 %)	62.580,00 €
Importe total. IVE engadido	360.580,00 €



A Mesa de Contratación acorda facultar ao Secretario para que, de resultar algunha oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

13. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de mantemento e soporte técnico para o equipamento informático asociado ao proxecto "TOURIST INSIDE RÍAS BAIXAS" da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026007856).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión de data 24 de abril de 2026, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do "Servizo de mantemento e soporte técnico para o equipamento informático asociado ao proxecto "TOURIST INSIDE RÍAS BAIXAS" da Deputación de Pontevedra".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 28/04/2026. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación na sesión do día 14 de maio de 2026 acordou admitir a seguinte empresa:

- SUMINISTROS, IMPORTACIONES Y MANTENIMIENTOS ELECTRÓNICOS, S.A.U. (A78032315)

Na reunión do día 14/05/2026, tamén se procedeu á descriptación e descarga da documentación dos sobres "B", correspondente á oferta avaliable mediante xuízos de valor, presentadas pola citada empresa, acordando a Mesa de Contratación trasladar a documentación técnica ó servizo de Novas Tecnoloxías para que emitira o correspondente informe de valoración.

Con data 21/05/2026, a Xefa do Servizo de Novas Tecnoloxías emitíu o correspondente informe relativo á valoración da documentación técnica presentada pola empresa, SUMINISTROS, IMPORTACIONES Y MANTENIMIENTOS ELECTRÓNICOS, S.A.U. (A78032315), (CSV: 7W16RTVD3GX6JU4W), sendo as puntuacións as seguintes:

CRITERIOS	SERMICRO
Idoneidade da metodoloxía proposta (máximo 5 puntos)	4,00



Idoneidade dos procedementos para a xestión de incidencias e o ciclo de vida (máximo 9 puntos)	8,00
Idoneidade do procedemento de escalado (máximo 6 puntos)	5,00
Seguimento e informes (máximo 4 puntos)	3,00
Plan de calidade (máximo 6 puntos)	5,00
TOTAL (30 MAX)	25,00

A Mesa de Contratación, en base a dito informe, acorda:

- 1) Prestar conformidade as puntuacións acadadas pola única empresa admitida na valoración da documentación técnica dos Sobres “B”.
- 2) Proceder á apertura dos Sobres “C”, relativo á oferta avaliable mediante criterios automáticos, da única empresa presentada e admitida e que alcanzou o mínimo do 50% da puntuación máxima permitida no Sobre “B”.

14. Apertura electrónica dos sobres “C” correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de mantemento e soporte técnico para o equipamento informático asociado ao proxecto “TOURIST INSIDE RÍAS BAIXAS” da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026007856).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, unha vez aprobada a valoración da documentación contida nos Sobres “B”, procédese a continuación á apertura do Sobre “C”, correspondente coa oferta avaliable mediante fórmulas, da única empresa admitida SUMINISTROS, IMPORTACIONES Y MANTENIMIENTOS ELECTRÓNICOS, S.A.U. (A78032315).

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia da Plataforma de Contratación do Sector Público, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación



do sobre “C”, correspondente coa oferta avaliable mediante criterios automáticos, presentada pola única empresa admitida ó devandito procedemento.

Os valores ofertados foron os seguintes:

SUMINISTROS, IMPORTACIONES Y MANTENIMIENTOS ELECTRÓNICOS, S.A.U.
(SERMICRO, S.A.U.) (A78032315)

Importe sen o IVE	43.453,39 €
IVE (21 %)	9.125,21 €
Importe total ofertado	52.578,60 €

A Mesa de Contratación acorda facultar ao Secretario para que, de resultar a oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

15. Apertura electrónica dos sobres “únicos” do procedemento aberto simplificado convocado para contratación da subministración de equipamento informático para reforzar o sistema de xestión tributaria da Deputación de Pontevedra. (Expte.-2026016967).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Novas Tecnoloxías e Contratación, número 2026003609 de data 7 de maio de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da subministración de equipamento informático para reforzar o sistema de xestión tributaria da Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 8 de maio de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desciframento e descarga da documentación



dos sobres únicos correspondente á documentación administrativa e a documentación técnica valorable mediante criterios automáticos presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos presentaron ofertas as seguintes empresas:

- ECONOCOM SEMIC SAU (CIF.- A25027145)
- PEAKWAY S.L. (CIF.- B66460338)
- UNIVERTIA, S.L. (CIF.- B23639248)

Os valores ofertados foron o seguintes:

EMPRESA: ECONOCOM SEMIC SAU. (CIF.- A25027145)

Importe sen IVE.	52.480,28 €
IVE (21%)	11.020,86 €
Importe total ofertado	63.501,14 €

EMPRESA: PEAKWAY S.L. (CIF.- B66460338)

Importe sen IVE.	58.050,00 €
IVE (21%)	12.190,50 €
Importe total ofertado	70.240,50 €

EMPRESA: UNIVERTIA S.L. (CIF.- B23639248)

Importe sen IVE.	40.852,94 €
IVE (21%)	8.579,12 €
Importe total ofertado	49.432,06 €

A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa, UNIVERTIA S.L. (CIF.- B23639248) de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir a citada empresas para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifique a oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar este contrato.

16. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B" do lote nº 1, correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do programa deportivo Entre Pontes Trail & Running da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026001111).



O Secretario da Mesa de Contratación informa que a Xunta de Goberno, na súa sesión do día 17 de abril de 2026, adoptou o acordo de aprobación do expediente para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do programa deportivo Entre Pontes Trail & Running da Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 24 de abril de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas, así como as bases reguladoras deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 14 de maio de 2026, en relación ao lote nº 1, procedeu á apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa e, a continuación, á apertura dos sobres “B”, correspondentes á proposta avaliable mediante xuízos de valor.

Unha vez descargada e revisada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acordou admitir ás seguintes empresas no lote nº 1:

- MARMAR OUTDOOR S.L.U. (NIF: B70548631)
- NO-KO DEPORTE Y SALUD, S.L. (NIF: B74377508)

Así mesmo, acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “B” do devandito lote, presentada polas referidas empresas, ao persoal técnico do Servizo de Deportes ao obxecto de que avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Con data 27 de maio de 2026, a xefa do Servizo Deportes emitiu informe de valoración dos criterios avaliables mediante xuízos de valor (CSV: VB6663A2NSZY2RRH), sendo as puntuacións outorgadas as seguintes:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE XUIZOS DE VALOR		Máximo	NO-KO DEPORTE Y SALUD, S.L.	MARMAR OUTDOOR, S.L.U.
Proposta técnicas das probas e actividades	Probas principais (10K urbanas e Trail 14K)	10,000	8,750	10,000
	Andainas: Integración cultural e paisaxística	3,000	3,000	3,000
	Probas de categorías de base/infantís	3,000	2,750	3,000
TOTAL PROPOSTA TÉCNICAS DAS PROBAS E ACTIVIDADES		16,000	14,500	16,000
Plan de dinamización e experiencia das persoas participantes	Calidade e claridade da proposta de dinamización	3,000	3,000	3,000
	Capacidade de participación e inclusión	3,000	2,750	3,000
	Orixinalidade das dúas propostas de actividade	4,000	4,000	4,000
TOTAL PLAN DE DINAMIZACIÓN E EXPERIENCIA DAS PERSOAS PARTICIPANTES		10,000	9,750	10,000
TOTAIS		26,000	24,250	26,000



A Mesa de Contratación en base ó citado informe acorda:

1.- Prestar conformidade as citadas puntuacións das empresas admitidas:

- MARMAR OUTDOOR S.L.U. (NIF: B70548631)
- NO-KO DEPORTE Y SALUD, S.L. (NIF: B74377508)

2.- Que se proceda á apertura dos sobres “C” do lote nº 1, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos das empresas Marmar Outdoor, S.L.U. (NIF: B70548631) e NO-KO Deporte y Salud, S.L. (NIF: B74377508) ao acadar ambas unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas (13,000 puntos), de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

17. Apertura electrónica dos sobres “C” do lote nº 1, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto convocado para a contratación do programa deportivo Entre Pontes Trail & Running da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026001111).

O Secretario informa os asistentes das puntuacións acadadas nos sobres “B” do Lote nº 1 polas empresas admitidas, sendo estas as seguintes:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR		Máximo	NO-KO DEPORTE Y SALUD, S.L.	MARMAR OUTDOOR, S.L.U.
Proposta técnica das probas e actividades	Probas principais (10K urbanas e Trail 14K)	10,000	8,750	10,000
	Andainas: Integración cultural e paisaxística	3,000	3,000	3,000
	Probas de categorías de base/infantís	3,000	2,750	3,000
TOTAL PROPOSTA TÉCNICAS DAS PROBAS E ACTIVIDADES		16,000	14,500	16,000
Plan de dinamización e experiencia das persoas participantes	Calidade e claridade da proposta de dinamización	3,000	3,000	3,000
	Capacidade de participación e inclusión	3,000	2,750	3,000
	Orixinalidade das dúas propostas de actividade	4,000	4,000	4,000
TOTAL PLAN DE DINAMIZACIÓN E EXPERIENCIA DAS PERSOAS PARTICIPANTES		10,000	9,750	10,000
TOTAIS		26,000	24,250	26,000



O Secretario da Mesa de Contratación informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera, en cada procedemento de licitación, un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á desenscriptación e descarga da documentación presentada nos sobres “C” do Lote nº 1, das empresas admitidas e que acadan unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliáveis mediante xuízos de valor, sendo os valores ofertados os seguintes:

MARMAR OUTDOOR S.L.U. (NIF: B70548631)

1.- Prezo total ofertado:

Importe total, sen o IVE	145.707,15 €
IVE (21 %)	30.598,50 €
Importe total. IVE engadido	176.305,65 €

2.- Instalación dunha pantalla LED xigante:

X Oferta a subministración, instalación e posta en marcha dunha pantalla LED xigante en cada unha das seis (6) xornadas, coas especificacións técnicas mínimas esixidas na cláusula 9.2 deste prego.

NO-KO DEPORTE Y SALUD, S.L. (NIF: B74377508)

1.- Prezo total ofertado:

Importe total, sen o IVE	152.400,00 €
IVE (21 %)	32.004,00 €
Importe total. IVE engadido	184.404,00 €

2.- Instalación dunha pantalla LED xigante:

X Oferta a subministración, instalación e posta en marcha dunha pantalla LED xigante en cada unha das seis (6) xornadas, coas especificacións técnicas mínimas esixidas na cláusula 9.2 deste prego.



A Mesa de Contratación acorda facultar ao Secretario para que, de resultar algunha oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e trinta minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

